

En Carballo, ás 10:30 horas do día 2 de xuño de 2011, reúnese a **COMISIÓN DE ESCOLARIZACIÓN** baixo a presidencia da señora inspectora, dona Berta Estrada Arias e os membros nomeados, e que seguidamente se relacionan, coa seguinte orde do día.

Dona Berta Estrada Arias
Don Fernando Garea Vidal
Dona M^a Dolores Añón Pallas
Dona Gloria Mosqueira Cotelo
Dona Mar Eirís Villar
Dona Encarna Herranz González-Botas
Dona Sonia Fernández Casal
Dona M^a de los Ángeles Pacoret Rodríguez

1. Adxudicación de prazas para o curso escolar 2011-2012

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

1. A Presidenta da Comisión de Escolarización, dona Berta Estrada, informa do procedemento a seguir: empezaremos pola adxudicación de prazas para o 1º nivel de Educación Primaria, tal e como indica a normativa vixente, seguindo polos demais niveis de Primaria e ESO, e rematando polos niveis non obrigatorios.
2. Asimesmo, dona Berta informa de que fixar a capacidade dos centros é competencia exclusiva da Xefa Territorial, e que ademais, en Carballo hai prazas suficientes para escolarizar a todos os alumnos que non obtiveron praza no proceso ordinario.
3. Dona Encarna Herranz González-Botas, representante das ANPAS, remite á Comisión un escrito asinado polas familias afectadas por non ter praza en 1º de EP no CEIP FOGAR, onde solicitan lles sexa outorgada a praza que pediron en primeira opción, anque para iso sexa necesario habilitar unha nova aula para o 1º nivel de EP.

4. Don Fernando Garea, director do CEIP FOGAR, fai constar que a solución da ampliación de ratio nos colexios, porque se favorecería ás familias afectadas entendendo ás problemáticas das mesmas, irá en detrimento da calidade do ensino e do traballo.
5. Mar Eirís e Encarna Herranz manifestan que anque seguen pensando que o ideal sería a habilitación dunha nova unidade no FOGAR, aceptarían como mal menor a ampliación de ratio para recolocar a eses catro alumnos que, aínda sendo da zona de influencia do Fogar, non terían, en principio, praza nese centro.
6. Sonia Fernández, representante sindical, fai constar a súa oposición á ampliación de ratio, por considerar que se merma considerablemente a calidade do ensino e as condicións laborais do profesorado.
7. Dona Berta agradece á Comisión a receptividade dos membros da mesma, en atender ás solucións, anque estas non sexan as máis idóneas, aceptando o compromiso de que no futuro se eviten os problemas que están a acontecer nestes momentos.
8. Todos os membros da Comisión, a petición dos representantes do CEIP FOGAR, queren facer constar que a calidade educativa do centro e dos profesionais do CEIP SAN LUIS ROMERO, non deben ser postas en cuestión baixo ningún concepto.

Asdo. Dona Berta Estrada Arias Asdo. Don Fernando Garea Vidal

Asdo. Dona M^a Dolores Añón Pallas Asdo. Dona Gloria Mosqueira Cotelo

Asdo. Dona Mar Eirís Villar Asdo. Dona Encarna Herranz González

Asdo. Dona Sonia Fernández Casal Asdo. Dona Ángeles Pacoret Rodríguez